

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG12I2FQ	CON/63/2018	14-12-18 14:09

Número 26 .- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa ao rexeitamento dunha oferta, e adxudicación do proxecto básico e de execución de "Itinerario peonil seguro para a interconexión de centros de CEIP das Fontiñas".

Destinatario

15078DCMG12I2FQN



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 14 de decembro de 2018, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 26 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA RELATIVA AO REXEITAMENTO DUNHA OFERTA, E ADXUDICACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE "ITINERARIO PEONIL SEGURO PARA A INTERCONEXIÓN DE CENTROS DE CEIP DAS FONTIÑAS".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 13 de decembro de 2018, do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía. Así mesmo, do informe favorable con observacións de Intervención, número 2018/925 de data 13.12.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Manuel Dios Diz**, concelleiro delegado de educación e cidadanía, tramitado o expediente da licitación "Proxecto básico e de execución de "Itinerario peonil seguro para a interconexión de centros de CEIP das Fontiñas"", e consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

**EXPÓN:**

**Primeiro:** Con data 4 de decembro de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador CYS HISPANIA SL.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I2FQ	<i>Expediente</i> CON/63/2018	<i>Fecha</i> 14-12-18 14:09

Segundo: Con data 13 de decembro seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Primeiro: Rexeitar a oferta da empresa DESMACO SLU, xa que a presentou (30 de novembro de 2018) fora do prazo máximo de licitación previsto (29 de novembro de 2018).

Segundo: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa CYS HISPANIA SL (CIF: B74282781), por un importe de **87.568,68 euros** (IVE aparte 21%: 18.389,42 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía de cinco anos e un incremento do 2% nos orzamentos de control de calidade e de actuación ambiental.

Designase como técnico municipal supervisor do contrato a Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de Obras e Proxectos

Este expediente transfórmase agora en anticipado de gasto (D.Ad. 3.2° LCSP), xa que a súa execución material non se iniciará ata o vindeiro exercicio orzamentario, e quedando condicionada, polo tanto, á súa inclusión nel."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Primeiro: Rexeitar a oferta da empresa DESMACO SLU, xa que a presentou (30 de novembro de 2018) fóra do prazo máximo de licitación previsto (29 de novembro de 2018).

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I2FQ	<i>Expediente</i> CON/63/2018	<i>Fecha</i> 14-12-18 14:09

Segundo: Adxudicar o contrato de "Proxecto básico e de execución de "Itinerario peonil seguro para a interconexión de centros de CEIP das Fontiñas" a favor da empresa CYS HISPANIA SL (CIF: B74282781), por un importe de 87.568,68 euros, (IVE aparte 21%: 18.389,42 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía de cinco anos e un incremento do 2% nos orzamentos de control de calidade e de actuación ambiental.

Desígnase como técnico municipal supervisor do contrato a Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de Obras e Proxectos

Este expediente transfórmase agora en anticipado de gasto (D.Ad. 3.2° LCSP), xa que a súa execución material non se iniciará ata o vindeiro exercicio orzamentario, e quedando condicionada, polo tanto, á súa inclusión nel.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

